

ASUNTO: AVALIACIÓN DAS OFERTAS PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE OFICINA TÉCNICA DO PROXECTO SMARTIAGO EN APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MINISTERIO DE ECONOMÍA INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE (MEIC) E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, FINANCIADO NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO INTELIXENTE (POCInt) 2014-2020.

1 INTRODUCCIÓN

As ofertas recibidas para avaliación son as presentadas pola empresa EVERIS, a empresa IDOM e a UTE SILO-RED2RED.

Os criterios establecidos no prego como non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes son os que se indican de seguido:

A.1. Características técnicas (Ata 35 puntos)

Neste apartado valoráranse a oferta que ofrezca mellores características técnicas tendo en conta a proposta de servizo, a metodoloxía de traballo, e o modelo de seguimento e control do proxecto.

A.1.1. Proposta de servizo (Ata 20 puntos)

No que respecta á proposta de servizo, avaliaráranse aspectos coma o seu alcance nos ámbitos de xestión, tecnolóxico e científico, a visión integral do servizo que abarque todos os ámbitos do proxecto, o deseño e implementación dun modelo de CPI sostible no Concello, e o carácter innovador e transparencia do proceso de consultas preliminares ao mercado.

En particular, teranse en conta aspectos da oferta que reflectan coñecemento específico aplicable ao proxecto nos ámbitos da compra pública de innovación, e no ámbito tecnolóxico e científico referido ás liñas de actuación do proxecto SMARTIAGO.

As propostas deberan demostrar polo tanto capacidade técnica, coñecemento e comprensión da cidade e do proxecto.

A.1.2. Metodoloxía de traballo (Ata 10 puntos)

Neste apartado terase en conta a metodoloxía de traballo, que estará orientada a garantir a consecución dos obxectivos do proxecto e a obtención de resultados óptimos, a implicación de todos os axentes relevantes, e a promoción dunha verdadeira cultura para a innovación aberta. Inclúese neste apartado aspectos coma o plan de traballo, os entregables, os acordos de nivel de servizo, os recursos, a definición dos factores críticos de éxito.

A.1.3. Seguimento e control do proxecto (Ata 5 puntos)

Neste apartado teranse en conta ferramentas, métodos e técnicas relativas ao seguimento e control do proxecto.

A.2. Equipo de traballo adscrito directamente á execución do contrato (Ata 10 puntos)

A.2.1. Dirección de proxecto (Ata 5 puntos)

Con respecto á dirección de proxecto proposta no equipo de traballo mínimo, terase neste subapartado en conta a experiencia en dirección de proxectos de igual ou similar natureza. Para estes efectos, poderán declararse proxectos nos que teña participado como director, indicando en cada caso a data, o destinatario, o obxecto e o importe. A descrición do proxecto terá suficiente detalle para avaliar a súa relación co obxecto desta licitación. Indicarase tamén se son proxectos con financiamento europeo e se son de compra pública de innovación (podendo terse en conta nun dos apartados ou en ambos se é o caso).

- Asignarase ata un máximo de 3 puntos por experiencia en proxectos de compra pública de innovación
- Asignarase ata un máximo de 2 puntos por experiencia en proxectos con financiamento europeo

A.2.2. Membros do equipo de traballo (Ata 5 puntos)

Neste apartado valorarase o equipo de persoas ofertado polo licitador, atendendo á súa composición, titulación académica, experiencia en traballos similares tendo en conta os ámbitos de xestión, tecnolóxico e científico, formación e coñecementos específicos no ámbito do proxecto, e demais aspectos relevantes para a execución dos traballos contratados. Na relación de proxectos nos que teña participado indicarase cando menos a data, o destinatario, e unha descrición do obxecto do contrato, así coma o posto ou función desempeñada no equipo de traballo.

Para a dirección de proxecto teranse en conta, coma un membro máis do equipo, todos estes aspectos, salvo os xa avaliados no criterio específico A.2.1.

É necesario indicar as funcións e roles profesionais dos membros no equipo de traballo, así coma a porcentaxe de dedicación a este proxecto de tal xeito que quede reflectido quen forma parte do equipo habitual e para quen se prevé unha participación puntual.

2 ANÁLISE DAS OFERTAS

Neste apartado lévase a cabo a análise das ofertas en base aos criterios de adxudicación.

Todas as ofertas, coa súa propia estrutura e orientación, presentan un elevado nivel de calidade e reflicten solvencia para abordar o proxecto.

As puntuacións acompañanse dunha breve descrición dos aspectos considerados máis salientables ou nos que se percibe certo grao de diferenciación.

Trátase en todo momento de preservar nas súa redacción o dereito de confidencialidade.

Hai aspectos que, pola súa transversalidade, poden aparecer reflectidos en apartados distintos dentro de cada oferta, ou incluso en varios apartados do mesmo documento. Neste informe téñense en conta onde estableza o apartado "criterios de avaliación".

2.1 Criterio A1. Características técnicas (ata 35 puntos)

2.1.1 Proposta de servizo (ata 20 puntos)

2.1.1.1 Descrición xeral do servizo (ata 3 puntos)

Neste apartado valórase a descrición do servizo no seu conxunto, facendo fincapé na claridade, no nivel de desenvolvemento con carácter xeral e para cada unha das liñas de actuación, na orientación específica ao proxecto SMARTIAGO tendo en conta as súas características e contexto, e en que medida amosa unha visión de cidade innovadora. A redacción e estrutura da oferta pode ofrecer información relevante sobre o servizo ofrecido, pero tamén sobre o nivel de compromiso co proxecto e de solvencia de xestión e técnica.

Oferta de EVERIS

A oferta presenta unha estrutura clara, e amosa unha estratexia correcta para abordar un proxecto no ámbito da compra pública de innovación. Ademais, a redacción está especificamente enfocada ao proxecto SMARTIAGO e a cada unha das liñas de actuación. Isto percíbese non só en apartados máis específicos, como pode ser o de axentes implicados ou o de seguimento e monitorización, que se valoran noutros puntos deste informe, senón en xeral en todos os bloques nos que se divide o documento.

Oferta de IDOM

A oferta presenta unha correcta visión do desenvolvemento dun proxecto de compra pública de innovación, reflicte coñecemento suficiente de carácter tecnolóxico na execución de proxectos con liñas de actuación similares. Establece diferentes vías de traballo en relación cos obxectivos marcados polo proxecto, coa idea de acadar os retos marcados polo prego, por exemplo, na coordinación da fase de consultas ao mercado.

Apoiase para describir o servizo en propostas baseadas na súa experiencia en proxectos relacionados con CPI e tamén en proxectos relacionados coas liñas de actuación de SMARTIAGO, tanto a nivel autonómico, nacional e europeo. Apoiase tamén no uso de ferramentas e metodoloxías probadas con éxito en proxectos similares. Fai mención específica a temas de detalle, que reflicten coñecemento sobre os aspectos básicos nos que o Concello pode necesitar apoio, como a xustificación a través da ferramenta da administración central JUSTIWEB, ou o apoio na redacción de posibles addendas ao Convenio de colaboración co MINECO (actual MICIU) que sustenta este proxecto.

Pola ampla visión do proxecto dentro da cidade, pola experiencia exitosa da posta en marcha de proxectos dentro do ámbito de CPI, e polo coñecemento dentro das liñas de actuación así como o encaixe realizado no marco dos requisitos esixidos polo Convenio para SMARTIAGO, recibe a maior puntuación neste apartado.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta presenta unha boa visión para afrontar os obxectivos marcados polo proxecto SMARTIAGO en relación co ámbito de compra pública de innovación. Resulta completa e detallada, se ben presenta unha redacción máis xeral na meirande parte dos apartados.

Presenta comparativamente unha menor orientación con respecto ás liñas de actuación, sen chegar a aportar unha clara definición das actividades en relación ás liñas de actuación que abarca o proxecto.

Fai tamén unha menor referencia á visión de cidade intelixente, así como do posible aproveitamento dos retos conseguidos en SMARTIAGO de cara ao futuro.

Por todo isto, reciben menor puntuación con respecto ao resto das ofertas.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 2 | 3 | 1 |

2.1.1.2 Alcance nos ámbitos de xestión, tecnolóxico e científico (ata 5 puntos)

Neste apartado valórase as tarefas e actividades asumidas con respecto ao mínimo esixido no prego. Tamén se ten en conta o nivel de detalle co que se reflicten os compromisos asumidos.

O prego fai unha enumeración extensa das tarefas propias dunha oficina técnica para un proxecto de compra pública de innovación, polo que a referencia a novas tarefas ou un desenvolvemento detallado das xa previstas, ademais de incrementar o valor do servizo, é un indicador sobre o coñecemento práctico que o licitador ten sobre a materia.

Oferta de EVERIS

A oferta inclúe unha descrición de cada unha das actividades que forman parte do servizo da oficina técnica dentro dun proxecto CPI. Presenta un amplo desenvolvemento das diferentes fases do proxecto, amosando coñecemento suficiente para poder completalas segundo os requisitos do prego. Describe con detalle as tarefas e os entregables que resultan en cada caso.

Amplía polo tanto alcance do seu servizo e amosa coñecemento en proxectos similares, recibindo polo tanto puntuación elevada neste apartado.

Oferta de IDOM

A oferta apóiase na estrutura en bloques do prego á hora de enumerar as tarefas, e inclúe unha descrición detallada de cada unha delas. Ademais, engade novas tarefas (24 sobre as previstas no prego) coa súa propia descrición e entregables, que teñen un importante valor engadido.

Todo isto incrementa o alcance do proxecto e reflicte un maior compromiso e solvencia para levar a cabo proxectos deste tipo.

Destaca neste aspecto sobre as demais ofertas, polo que recibe a máxima puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta inclúe unha descrición de cada unha das actividades que forman parte do servizo da oficina técnica dentro dun proxecto CPI. Presenta un amplo desenvolvemento das diferentes fases do proxecto, amosando coñecemento suficiente para poder completalas segundo os requisitos do prego.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 2 | 5 | 2 |

2.1.1.3 Visión integral que abrangue todos os ámbitos (ata 4 puntos)

Neste apartado valórase o feito de que as ofertas inclúan un servizo integral que teña en conta todos os aspectos, desde o de xestión ao técnico, e tanto a nivel global coma especificamente en cada unha das liñas de actuación. Tamén é importante que reflictan un compromiso de traballo máis próximo ao Concello que permita axilizar o desenvolvemento do proxecto mediante un maior nivel de interacción.

Oferta de EVERIS

A oferta de EVERIS presenta unha cobertura suficiente para todas aquelas áreas que abarca o proxecto SMARTIAGO, desde os aspectos técnicos e de xestión ata os xurídicos e legais.

Establece unha correcta estratexia para a execución de plans de traballo coordinados entre os axentes involucrados, así como un modelo de intercambio de información entre aqueles. Implementa unha correcta xestión dos datos necesarios para avaliar as accións levadas a cabo.

Resulta unha oferta completa e integral en todos os aspectos, polo que recibe unha elevada puntuación.

Oferta de IDOM

A oferta de IDOM inclúe unha ruta para o proxecto no seo conxunto e incluso valoracións sobre a creación dunha plataforma de cidade intelixente. Tamén fai desenvolvementos específicos para cada unha das liñas de traballo. Queda mellor reflectido que a oferta está orientada non unicamente á xestión do proxecto, senón tamén a participar activamente en cada unha das liñas do proxecto. Por último, reflicte mellor un traballo máis proactivo e integrado no funcionamento do Concello, abordando incluso directamente traballo cos distintos departamentos municipais implicados.

Por todo isto recibe a máxima puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

Reflicte o modelo organizativo do proxecto no que sitúa á Oficina Técnica. Ten en conta os dous niveis do proxecto SMARTIAGO: proxecto e liña, establecendo como prioritario traballar evitando duplicidades e facilitando sinerxías.

Inclúe como valor adicional non demandado no prego o asesoramento xurídico en materia de contratación.

Ofrece unha visión integral do proxecto no que respecta ao apoio á xestión do proxecto, pero menos que o resto das ofertas no que respecta ao aspecto tecnolóxico e científico dentro das liñas de actuación. É principalmente por isto polo que recibe menor puntuación.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 3 | 4 | 1 |

2.1.1.4 Implementación dun modelo de CPI sostible (ata 3 puntos)

Neste apartado valórase a orientación da oferta a aproveitar a experiencia do proxecto SMARTIAGO para incorporar procesos de innovación e unha verdadeira cultura da innovación perdurable a todo o Concello.

Tería cabida neste apartado unha proposta para a creación dunha infraestrutura formal para a innovación no Concello, sobre todo se se basease nas características específicas dunha administración pública local.

As tres ofertas se centran principalmente noutro aspecto igualmente importante, como é a capacitación dos empregados mediante a realización de actividades de formación e transferencia de coñecemento dirixidas a todo ou parte do persoal municipal.

Oferta de EVERIS

Neste apartado faise mención á posta en marcha dun plan de capacitación para a innovación que terá como obxectivo a instauración do concepto de innovación no Concello. Está formado por dous itinerarios que incorporan a capacitación e xestión por un lado, e as técnicas e ferramentas por outro.

Os dous itinerarios contemplan a celebración dun total de 12 obradoiros para alcanzar os obxectivos marcados nesta fase.

Oferta de IDOM

A oferta fai unha proposta de creación de grupos de traballo para cada liña de actuación, así como diferentes actividades de dinamización de grupos para o fomento da innovación dentro do Concello.

Propón a creación dun diagnóstico previo para poder coñecer a situación na que se atopa o Concello respecto da cultura innovadora.

A maiores dos obxectivos marcados dentro do prego, engádense actividades colaborativas para que os participantes nas mesmas poidan obter as aptitudes necesarias dentro dunha organización innovadora.

En particular, fai unha proposta de adestramento CPI a través dun 'boot-camp', composto por 5 seccións de formación.

Incorpora elementos suficientes para a descrición de cada actividade proposta, onde se poden visualizar as diferentes fases ou exemplos de edicións anteriores.

Esta oferta presenta un maior nivel de detalle, fai maior referencia ás liñas de actuación, e resulta máis innovadora no seu plantexamento, polo que recibe a máxima puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

Neste apartado, a oferta fai unha proposta concreta de programa formativo de xestión da innovación.

Dentro dos resultados que se obteñen dentro desta fase inclúense a elaboración de documentos tipo que poden ser reutilizados para outros procesos de tipoloxía CPI.

Fai mención á necesidade de construción de capacidades dentro da organización e modelos de traballo que habiliten estas capacidades, mencionando algunha experiencia neste eido.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| | | |
|--------|------|----------------------|
| EVERIS | IDOM | UTE SILO- RED2RED |
| 2 | 3 | 2 |

2.1.1.5 Proceso de consultas preliminares ao mercado (ata 5 puntos).

Valórase o carácter innovador e a transparencia no proceso de consultas preliminares ao mercado.

Oferta de EVERIS

Establece un formato e planificación axeitado para levar a cabo as consultas ao mercado, amosando coñecemento suficiente para poder garantir o éxito desta fase. Presenta unha correcta identificación de necesidades, así como a inclusión de participantes que poden aportar coñecemento durante esta fase, como pode ser a Universidade de Santiago de Compostela. Incorpora un servizo de vixilancia tecnolóxica que apoiará a toma de decisións deste proceso.

A oferta incorpora a execución de obradoiros específicos e o deseño dunha campaña de participación online para a difusión entre a cidadanía.

Oferta de IDOM

Establece un formato e planificación axeitado para levar a cabo as consultas ao mercado, amosando coñecemento suficiente para poder garantir o éxito desta fase. Inclúe unha plataforma para a xestión das propostas recibidas, e a posterior publicación dos resultados das consultas.

Realiza unha proposta de execución de un taller por cada liña de actuación, onde poder identificar as necesidades da cidadanía. Propón o uso dun servizo de vixilancia tecnolóxica para poder monitorizar os sectores implicados nas liñas de actuación do proxecto. Para o seguimento e control das ofertas recibidas, inclúese o uso dunha plataforma dixital desenvolvida baixo código aberto.

Ao final desta fase, a oferta elaborará diferente documentación para poder difundir os resultados obtidos, mellorando deste xeito a transparencia do proceso de consulta.

Esta oferta destaca por ser máis completa e detallada, polo que recibe a máxima puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

Establece un formato e planificación axeitado para levar a cabo a fase de consultas ao mercado, amosando coñecemento suficiente para poder garantir o éxito desta fase.

Inclúe a elaboración de material de apoio, así como o almacenamento e monitorización das propostas recibidas. Incorpora un servizo de vixilancia tecnolóxica para coñecer o TRL (Technology Readiness Level) das propostas.

Realizará a coordinación de eventos e actividades para compartir o proceso con empresas e cidadanía.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| | | |
|--------|------|----------------------|
| EVERIS | IDOM | UTE SILO- RED2RED |
| 2 | 5 | 2 |

2.1.2 Metodoloxía de traballo (ata 10 puntos)

2.1.2.1 Plan de traballo. Aspectos xerais (ata 2 puntos)

Neste apartado valórase o detalle expresado no plan de traballo proposto para a execución das diferentes etapas do proxecto.

Oferta de EVERIS

A oferta presenta un plan de traballo desglosado en diferentes fases para cada unha das liñas de actuación do proxecto, e no que se pode apreciar unha estimación da duración de cada fase.

Trátase dun plan de traballo realista e axustado ás características deste proxecto, o que demostra coñecemento e solvencia, polo que recibe a máxima puntuación.

Oferta de IDOM

A oferta presenta un detallado plan de traballo, con bloques de traballo diferenciados, e que contan cun esquema temporal para poder apreciar o seu axuste dentro do cronograma do proxecto.

Trátase dun plan de traballo realista e axustado ás características deste proxecto, o que demostra coñecemento e solvencia.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta fai unha mención á elaboración dun plan de traballo inicial, sen amosar unha proposta que axude a valorar a integración cos obxectivos do proxecto.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 2 | 2 | 0 |

2.1.2.2 Plan de traballo baseado en innovación aberta (ata 2 puntos)

Neste apartado valórase que se teña incorporado ao plan de traballo actuacións orientadas a fomentar a innovación aberta, é dicir, as capacidades para identificar aos axentes interesados no mesmo, e promover a súa participación no proxecto desde o principio.

Oferta de EVERIS

A oferta presenta un plan de participación para buscar a implicación dos actores nas actividades do proxecto.

Fai unha proposta para realizar obradoiros de traballo para cada unha das liñas de actuación, así como unha campaña de participación en liña.

Por incluír actividades que fomentan a innovación aberta recibe a maior puntuación no apartado.

Oferta de IDOM

A oferta realiza unha descrición xeral das categorías xerais de interesados propios deste tipo de proxectos. Non especifica tarefas concretas para o fomento da innovación aberta, aínda que se ofrece para levar a cabo o seguimento de todas aquelas actividades que se consideren necesarias neste eido e para as que se considere oportuna a súa participación.

Por este motivo recibe menor puntuación neste apartado.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta non menciona en detalle actividades para dinamizar aos axentes, aínda que inclúe no servizo o seguimento e supervisión daquelas actividades que se consideren relevantes e contemplan a participación dos axentes implicados no proxecto.

Por este motivo recibe menor puntuación neste apartado.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 2 | 0,5 | 0,5 |

2.1.2.3 Entregables (ata 2 puntos)

Neste apartado valórase o detalle de cada un dos entregables comprometidos. O feito de incluír máis entregables que os esixidos no prego, ademais de incrementar o valor do servizo, reflicte coñecemento específico por parte do licitador.

Oferta de EVERIS

A oferta enumera os entregables que forman parte de cada un dos bloques nos que se divide o proxecto, incluíndo e superando os previstos no prego.

Recibe puntuación por ter superado o mínimo que establece o prego.

Oferta de IDOM

A oferta enumera e fai unha enumeración máis ampla e detallada dos entregables (inclúen 90 entregables sobre os 6 establecidos no prego, distribuídos polos distintos bloques de traballo). Ademais do efecto sobre a calidade do servizo, tal detalle reflicte unha solvencia moi elevada.

Por este motivo recibe a máxima puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta enumera os entregables que forman parte de cada un dos bloques nos que se divide o proxecto, incluíndo e superando os previstos no prego.

Recibe puntuación por ter superado o mínimo que establece o prego.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO- RED2RED |
|--------|------|----------------------|
| 1 | 2 | 1 |

2.1.2.4 Acordos de nivel de servizo (ata 2 puntos)

Neste apartado valórase a definición de acordos de nivel de servizo. Todas as ofertas presentan características relevantes para a calidade da prestación do servizo, pero neste punto tense en conta a identificación expresa e concreta de parámetros.

Oferta de EVERIS

Non conta cun apartado específico de acordos de nivel de servizo.

Oferta de IDOM

Presenta un modelo de acordo de nivel de servizo detallado, que ademais das condicións descritas no resto da oferta, establece parámetros coma o tempo de resposta e resolución de incidencias, actividade presencial e en proximidade, etc.

Apóianse na existencia dunha oficina en Santiago de Compostela como elemento facilitador do cumprimento dos niveis de servizo.

É a que ofrece un maior detalle e compromiso polo que recibe a máxima puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

Define os acordos de nivel de servizo identificando para cada membro a porcentaxe de dedicación e o emprazamento. Garante asistencia presencial suficiente caracterizada pola inmediatez e proximidade.

Apóianse na existencia dunha oficina en Santiago de Compostela e na identificación de membros do equipo en local, como elemento facilitador do cumprimento dos niveis de servizo.

Alguns aspectos da oferta, como a dispoñibilidade do persoal adicional ao equipo esixido na oferta, xa se avalían noutro apartado. No resto, non ten o mesmo nivel de detalle, polo que recibe unha puntuación menor.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 0 | 2 | 1,5 |

2.1.2.5 Recursos (ata 1 punto)

Neste apartado valórase a declaración de recursos adscritos ao proxecto para o desenvolvemento das actividades da oficina técnica. Non se ten en conta o equipo de traballo, que conta co seu criterio de adxudicación específico.

Oferta de EVERIS

Non fai mención específica a recursos técnicos adscritos ao proxecto

Oferta de IDOM

Enumera os recursos técnicos adscritos ao proxecto, isto é, cos que contan para a execución das tarefas relacionadas co servizo da oficina técnica.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

Non fai mención específica a recursos técnicos adscritos ao proxecto

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 0 | 1 | 0 |

2.1.2.6 Factores críticos de éxito (ata 1 puntos)

Neste apartado valórase a identificación de factores críticos de éxito, é dicir, aqueles elementos da contorna cuxo funcionamento axeitado ou evolución permitirá a correcta execución do proxecto. A súa definición reflicte un análise previo e ofrece información adicional sobre o coñecemento e solvencia do licitador.

Oferta de EVERIS

Non inclúe un apartado específico sobre factores críticos de éxito polo que non recibe puntuación neste punto. Si inclúe información sobre a xestión de riscos, que se puntuá noutro apartado deste informe.

Oferta de IDOM

Inclúe un apartado específico no que detalla os principais factores críticos de éxito. A oferta presenta unha visión clara de cales son os factores críticos dun proxecto da relevancia de SMARTIAGO, e que conta co financiamento de fondos FEDER, e que ten en conta o marco xurídico no que se integran as diferentes fases do proxecto.

Por ter unha identificación integral dos factores críticos, e nos que se inclúen as liñas de actuación, que poden afectar ao proxecto, recibe a maior puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

Inclúe un apartado específico no que detalla os principais factores críticos de éxito, aínda que con algo menor de detalle que outras ofertas especialmente no que se refire ás liñas de actuación, recibe menor puntuación.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 0 | 1 | 0,5 |

2.1.3 Seguimento e control do proxecto (ata 5 puntos)

2.1.3.1 Métodos e técnicas para seguimento e control do proxecto (ata 3 puntos)

Neste apartado valóranse as metodoloxías propostas para facer un correcto seguimento do proxecto, facendo fincapé en aspectos coma a xestión de riscos, de calidade e de peche do proxecto. Reflicítese unicamente aspectos salientables de cada unha, obviando os aspectos comúns, que en xeral todas as ofertas cobren con solvencia.

Oferta de EVERIS

A oferta realiza unha análise detallada das diferentes fases do ciclo de vida do proxecto, aportando un detalle das diferentes actuacións a realizar en cada unha delas.

Presenta diferentes técnicas para a identificación de riscos, onde xa reflicite algúns que están relacionados cun proxecto tipo CPI.

Elabora un detallado plan para a xestión da calidade, onde se fai un esforzo na análise e tratamento da información e do coñecemento. Propón a creación de dous tipos de repositorios separados en función dos permisos de acceso que se establezan en cada un deles.

Polo nivel de detalle, recibe unha puntuación elevada neste apartado.

Oferta de IDOM

A oferta presenta un marco de xestión onde se definen as actividades nas que se divide o proxecto, desde o lanzamento ata o peche, pasando pola fase de avaliación de resultados obtidos.

Contará co respaldo da aplicación da metodoloxía PMI-Risk Management.

Incorpora unha serie de modelos de documentos de traballo que contan coa imaxe corporativa obrigatoria, apoiándose na creación dun manual de identidade propio do proxecto. As xustificacións ante o Ministerio faranse de xeito telemático a través da aplicación Justiweb.

No peche da oficina técnica, inclúense dous entregables adicionais que inclúen a elaboración dun manual de boas prácticas e un cuestionario para avaliar a calidade do traballo realizado pola oficina técnica.

Recibe a maior puntuación neste apartado ao presentar unha solución integral en materia de seguimento e control, con elevado nivel de detalle e amosando incluso vistas previas dos entregables.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta expón unha serie de tarefas encamiñadas a conseguir unha xestión suficiente dos riscos e da calidade das actividades do proxecto. En relación ao deseño e formato dos documentos, establece un compromiso de cumprimento da normativa dos fondos FEDER.

Por presentar un menor nivel de detalle, recibe unha menor puntuación.

As puntuacións neste apartado son as seguintes:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO-RED2RED |
|--------|------|------------------|
| 2 | 3 | 1 |

2.1.3.2 Ferramentas para seguimento do proxecto (ata 2 puntos)

Neste apartado valóranse as ferramentas propostas que faciliten as labores de seguimento do proxecto.

Oferta de EVERIS

A oferta inclúe un cadro de mando personalizado para o seguimento do proxecto onde se poidan rexistrar diferentes fontes de información para unha posterior análise.

Ao non facer referencia máis detallada das ferramentas que se utilizarán, obtén a menor puntuación.

Oferta de IDOM

A oferta inclúe unha serie de ferramentas de xestión que servirán de apoio á xestión das diferentes fases da oficina técnica. Nalgúns casos fai referencia a ferramentas estándar de mercado como o xestor documental Alfresco ou follas de cálculo en Excel para diferentes actividades de rexistro e seguimento.

Para a correcta monitorización dos riscos emprega unha ferramenta dixital de seguimento en liña coa que visualizar o avance das actividades.

Por ser a oferta que inclúe unha relación máis ampla e detallada das ferramentas a usar e que abarcan as diferentes fase do proxecto, obtén a maior puntuación.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta enumera un conxunto de ferramentas: OpenProject como ferramenta de xestión de proxectos, e ownCloud ou SharePoint como xestores documentais.

A puntuación neste apartado é a seguinte:

| | | |
|--------|------|----------------------|
| EVERIS | IDOM | UTE SILO- RED2RED |
| 0,5 | 2 | 1 |

2.2 Criterio A2. Equipo de traballo (ata 10 puntos)

2.2.1 Dirección de proxecto (ata 5 puntos)

Neste apartado avalíase a dirección do proxecto en relación coa experiencia en dirección de proxectos de similares características que SMARTIAGO, tendo en conta tanto aqueles que se refiren a compra pública de innovación coma a xestión de proxectos con financiamento europeo.

Para facilitar a redacción do informe, descríbese cada unha das ofertas, e valóranse os dous aspectos que aparecen na táboa de puntuación con este formato:

| | Puntos |
|-------------------|--------|
| Experiencia CPI | |
| Experiencia FEDER | |

Todas as ofertas propoñen directores con ampla experiencia nos dous ámbitos atendendo ao número e descrición de proxectos declarados. Da información que se presenta dedúcese polo tanto solvencia para abordar este proxecto.

Hai sen embargo diferenzas no nivel de detalle das ofertas, que nalgún caso non inclúen datos como o importe do proxecto. Neste caso asígnase unha menor puntuación posto que o propio prego os considera parámetros moi relevantes para determinar a similitude

Oferta de EVERIS

Inclúen como director a un licenciado en Xeografía, sobre o cal achegan unha ampla e detallada relación de proxectos nos que ten participado como director, incluíndo data, nome, descrición e importe.

- Experiencia en compra pública innovadora: Achegan diversos proxectos neste ámbito, varios deles con importes significativos, de ata 2.384.741 euros.
- Experiencia en proxectos con financiación europea: Achegan diversos proxectos neste ámbito, varios deles con importes significativos, de ata 960.109 euros.

As puntuacións da oferta para dada un dos ámbitos son as seguintes:

| | Puntos |
|-------------------|--------|
| Experiencia CPI | 3 |
| Experiencia FEDER | 2 |

Oferta de IDOM

Inclúen como directora a unha licenciada en Economía, sobre a cal achegan unha ampla e detallada relación de proxectos nos que ten participado como directora. Aínda que a información que se achega parece reflectir unha ampla solvencia, tense en conta na puntuación que non constan datos coma a data, a descrición de detalle ou o importe.

- Experiencia en compra pública innovadora: Achegan diversos proxectos neste ámbito, que pola descrición parecen encaixar cos obxectivos deste proxecto, pero non inclúe información relevante coma a data ou os importes, polo que recibe unha puntuación menor. Inclúe ademais unha lista de proxectos dentro da liña FID.
- Experiencia en proxectos con financiación europea: Achegan diversos proxectos neste ámbito, que pola descrición parecen encaixar cos obxectivos deste proxecto, pero non inclúe información relevante coma a data ou os importes, polo que reciben unha puntuación menor.

As puntuacións da oferta para dada un dos ámbitos son as seguintes:

| | Puntos |
|-------------------|--------|
| Experiencia CPI | 1 |
| Experiencia FEDER | 0,5 |

Oferta da UTE SILO-RED2RED

Inclúen como director a un enxeñeiro industrial mecánico, para o cal achegan unha ampla e detallada relación de proxectos nos que ten participado como director, indicando en cada caso data, descrición e importe.

- Experiencia en compra pública innovadora: Achegan diversos proxectos neste ámbito, varios deles con importes significativos, de ata 50.000.000 euros.
- Experiencia en proxectos con financiación europea: Achegan diversos proxectos neste ámbito, varios deles con importes significativos, de ata 50.000.000 euros. Ademais achegan un segundo listado de proxectos con financiamento europeo dos cales non se aporta máis información que o nome. Carecen polo tanto de información acerca do alcance, importe, duración e datas de execución, polo que non se tiveron en conta na avaliación.

As puntuacións da oferta para dada un dos ámbitos son as seguintes:

| | Puntos |
|-------------------|--------|
| Experiencia CPI | 3 |
| Experiencia FEDER | 2 |

As puntuacións finais neste apartado son as seguintes:

| EVERIS | IDOM | UTE SILO- RED2RED |
|--------|------|----------------------|
| 5 | 1,5 | 5 |

2.2.2 Membros do equipo de traballo (ata 5 puntos)

Neste apartado avalíase o equipo de proxecto no seu conxunto, sen ter en conta os aspectos xa avaliados no criterio de dirección de proxecto.

Tense en conta tanto o equipo principal como os recursos adicionais previstos para participación puntual.

Con respecto ao equipo principal, tense en conta tanto o número de membros coma o perfil. Para facilitar a redacción do informe, descríbese cada unha das ofertas, e valóranse os tres aspectos que aparecen na táboa de puntuación.

| Concepto | Puntos |
|--------------------------|--------|
| Equipo principal. Número | |
| Equipo principal. Perfil | |
| Equipo de apoio | |

Oferta de EVERIS

O equipo de traballo principal está composto por 6 membros e é o seguinte:

- Director de proxecto. Licenciado en Xeografía: Na descrición que se realiza da súa experiencia profesional aparece unha lista de entidades coas que ten participado en diferentes actividades e proxectos, aínda que non se indica cal foi a súa participación.
- Consultora de innovación. Enxeñeira Superior de Telecomunicacións: Enumera diversos proxectos, por importes de ata 525.900 euros, nos que ten participado como consultora de innovación.
- Consultor de innovación. Enxeñería Química. Enumera diversos proxectos, por importes de ata 525.900 euros, nos que ten participado como consultora de innovación.

- Consultor de xestión. Licenciada en Administración e Dirección de Empresas: Enumera diversos proxectos, por importes de ata 525.900 euros, nos que ten participado como consultora de xestión.
- Consultor de xestión. Enxeñeira Superior de Telecomunicacións: Enumera diversos proxectos, por importes de ata 525.900 euros, nos que ten participado como consultora de xestión.
- Consultora TIC. Enxeñeira Técnica en Informática de Xestión: Enumera diversos proxectos, por importes de ata 479.950 euros, nos que ten participado como consultora TIC.

Ademais inclúe un panel composto por oito expertos que acompaña ao equipo de traballo. Inclúe unha consultora estratéxica e de coñecemento da realidade da cidade (Licenciada en Dereito), un consultor tecnolóxico (Enxeñeiro en Informática), unha consultora en "Support Smart Innovation" (Enxeñeira Superior de Telecomunicación), un consultor en cidades intelixentes (Enxeñeiro en Informática), unha consultora en contratación pública (Licenciada e Administración e dirección de empresas e Máster en Dirección e xestión de cooperación público-privada e contratación pública). Inclúe tamén, sen especificar titulación, unha consultora en innovación, un consultor de valoración tecnolóxica e de transferencia de I+D+i, e un consultor en Enxeñaría ambiental.

Como parte do equipo de traballo, a oferta de EVERIS integra a «everismart», que aporta o coñecemento adquirido polos diferentes sectores impactados por tecnoloxías intelixentes. Por outra banda, incorpora a CRETUS, como agrupación estratéxica que centra as actividades de investigación en liñas como a xestión e valorización de residuos ou as emisión e cambio climático.

A oferta inclúe polo tanto un equipo principal co número de membros esixido no prego. No que respecta ao perfil, demostra ampla experiencia e solvencia polo que recibe a máxima puntuación. O equipo de apoio é numeroso e multidisciplinar polo que recibe unha puntuación alta.

| Concepto | Puntos |
|--------------------------|--------|
| Equipo principal. Número | 0 |
| Equipo principal. Perfil | 2 |
| Equipo de apoio | 1 |

Oferta de IDOM

O equipo de traballo principal está composto por 6 membros e é o seguinte:

- Directora do proxecto. Licenciada en Economía. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como consultora de compra pública en innovación e asesora.
- Consultora de xestión. Licenciada en Administración e Dirección de empresas.

Enumera diversos proxectos, nos que ten participado como consultora de xestión FEDER e de formación en CPI.

- Consultor de xestión. Licenciada en Economía. Enumera diversos proxectos, nos que ten participado como consultora de xestión FEDER.
- Consultora de innovación. Enxeñeira Industrial. Enumera diversos proxectos, nos que ten participado como consultora de innovación e de formación en CPI.
- Consultora de innovación. Licenciada en Administración e Dirección de Empresas. Enumera diversos proxectos, nos que ten participado como consultora de innovación e de formación en CPI.
- Consultor TIC. Enxeñeiro de Telecomunicacións. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como consultor de innovación e de formación en CPI.

Tamén inclúe dous equipos de apoio: un transversal e outro temático. O transversal está composto por oito membros con diferentes perfís. O temático está composto por sete membros, dous por liña de actuación e un coordinador. Máis en detalle, o transversal incorpora a unha consultora de comunicación (Licenciada en Economía), unha consultora de avaliación (Licenciada en Ciencias Económicas), un consultor de participación cidadá (Enxeñeiro superior en Informática), experto en smart cities (Enxeñeiro e Xeodesia e Cartografía), unha experta xurídica (Licenciada e Doutora en Dereito), unha consultora de ordenación urbanística (Arquitecta), un consultor de oportunidades (Licenciado en Economía), e un consultor PMP (Licenciado en Informática). O temático inclúe un consultor de intelixencia artificial e big data (Enxeñeiro técnico industrial), un consultor en RSU (Licenciado en Ciencias Empresariais), un consultor en RSU (Licenciado en Biología e POP en Enxeñaría Ambiental, Enerxías Renovables e Sostibilidade Enerxética), un consultor de mobilidade (Enxeñeiro de Camiños), un consultor de mobilidade (Máster en Enxeñaría de Organización Industrial e grao en Enxeñaría Técnica Industrial), un consultor en iluminación (Enxeñeiro Técnico Industrial), un consultor en iluminación (Máster en Enxeñaría Eléctrica).

A oferta inclúe polo tanto un equipo principal co número de membros esixido no prego. No que respecta ao perfil, demostra ampla experiencia e solvencia polo que recibe a máxima puntuación. O equipo de apoio é o máis numeroso e multidisciplinar, con perfís específicos para cada liña de actuación, polo que recibe a máxima puntuación.

| Concepto | Puntos |
|--------------------------|--------|
| Equipo principal. Número | 0 |
| Equipo principal. Perfil | 2 |
| Equipo de apoio | 2 |

Oferta da UTE SILO-RED2RED

O equipo de traballo principal está composto por 8 membros e é o seguinte:

- Director de proxecto. Enxeñeiro industrial mecánico. Non se detalla experiencia en

- proxectos distinta á de dirección de proxecto, que xa se tivo en conta no apartado anterior.
- Consultora de xestión. Licenciada en Ciencias Políticas. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como consultora, coordinadora, xefa de equipo, xerente de proxecto e outros postos.
 - Consultor de xestión. Licenciado en Xeografía. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como consultor.
 - Consultor de innovación. Licenciado en Ciencias Empresariais e Económicas. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como asesor.
 - Consultor de innovación. Licenciado en Bioloxía. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como consultor ou xerente.
 - Consultor de innovación. Licenciado en Economía. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como consultor ou xerente.
 - Consultor de innovación junior. Por definir.
 - Consultor TIC. Enxeñeiro Industrial. Enumera diversos proxectos nos que ten participado como director técnico ou xeral.

Inclúe polo tanto dous membros máis no equipo de traballo principal, cunha porcentaxe de dedicación en liña co que establece o prego, e que ademais situará en local para axilizar o proxecto. O primeiro é un técnico de innovación e o segundo é un consultor junior para o que non inclúe descrición.

Tamén inclúe un panel de asesores composto por dúas persoas: Un experto en contratación pública (Doutor en Dereito) e unha experta en innovación aberta (Enxeñeira industrial).

A oferta inclúe polo tanto un equipo principal que mellora o número de membros sobre o esixido no prego. No que respecta ao perfil, demostra ampla experiencia e solvencia, polo que recibe a máxima puntuación. O equipo de apoio presenta uns perfís interesantes para o proxecto, pero recibe a puntuación máis baixa por contar cun número de membros menor e dar cobertura a un ámbito reducido con respecto ao resto.

| Concepto | Puntos |
|--------------------------|--------|
| Equipo principal. Número | 1 |
| Equipo principal. Perfil | 2 |
| Equipo de apoio | 0,5 |

As puntuacións finais neste apartado son as seguintes:

| | | |
|--------|------|----------------------|
| EVERIS | IDOM | UTE SILO- RED2RED |
| 3 | 4 | 3,5 |

2.3 Resumo executivo das ofertas

Neste apartado faise unha descrición xeral das ofertas para situar en contexto o informe.

Oferta de EVERIS

A oferta de EVERIS presenta unha estrutura clara e ben definida de todas aquelas tarefas que se requiren desde o prego. Axústase na súa estrutura aos conceptos que a ter en conta no xuízo de valor, aportando todos aqueles datos de interese tal e como se especifica no apartado de criterios de adxudicación. A proposta reflicte coñecemento de cada unha das fases do proxecto, aportando na maioría delas algunhas mostras das ferramentas e métodos que se usarán para unha correcta execución das mesmas.

Reflicte en menor medida orientación ao aproveitamento deste proxecto pioneiro en CPI na administración local para que se converta nun referente tanto na xestión interna, como de exemplo para o resto de axentes da cidade, ou incluso para cidades de características semellantes.

Oferta de IDOM

A oferta de IDOM presenta un elevado nivel de detalle e unha maior personalización con respecto ao proxecto SMARTIAGO, así coma mellor orientación cara un proxecto de CPI.

Mantén a estrutura dos pregos e desenvolve cada apartado aportando exemplos ou facendo propostas específicas para este proxecto. Inclúe unha completa proposta de tarefas, entregables, ferramentas e utilidades que melloran os mínimos esixidos no prego e mesmo os complementan, reflectindo unha elevada experiencia na xestión e desenvolvemento de proxectos deste tipo. Presenta unha boa visión da cidade, e da realidade na que se encaixan as liñas de actuación que se pretenden abordar dentro do proxecto SMARTIAGO.

Oferta da UTE SILO-RED2RED

A oferta da UTE SILO-RED2RED presenta unha redacción completa aínda que máis xeral e menos enfocada ao proxecto concreto. Fai unha proposta suficiente para os obxectivos do proxecto SMARTIAGO. É a que reflicte menor visión de cidade innovadora, así como o posible aproveitamento de todo o aprendizaxe no relativo a CPI tanto dentro do Concello como por parte do resto de axentes involucrados. Na maioría das fases aparecen escasas referencias a ferramentas e soportes para asegurar a correcta execución das mesmas. O alcance da oferta é suficiente para acadar as tarefas propias dunha oficina técnica, pero da unha menor cobertura aos aspectos tecnolóxicos e científicos, e se considera que o alcance e a visión de permanencia das actuacións é menor.

Tamén presenta menor concreción nalgunhas das propostas realizadas, facendo mención a tarefas pero sen un detalle tan claro de como se poden conseguir a súa realización.

3 CONCLUSIÓNS

Na táboa seguinte indícanse as puntuacións acadadas en cada apartado e as puntuacións totais das ofertas:

| CRITERIOS | | PREGO | EVERIS | IDOM | SILO-R2R |
|---------------|--|-----------|-------------|-------------|-------------|
| A.1 | CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS (35) | 35 | 18,5 | 33,5 | 13,5 |
| A.1.1. | PROPOSTA DE SERVIZO (20) | 20 | 11 | 20 | 8 |
| | Descrición xeral do servizo | 3 | 2 | 3 | 1 |
| | Alcance nos ámbitos de xestión, tecnolóxico e científico | 5 | 2 | 5 | 2 |
| | Visión integral que abrangue todos os ámbitos | 4 | 3 | 4 | 1 |
| | Deseño e implementación dun modelo sostible de CPI | 3 | 2 | 3 | 2 |
| | Carácter innovador e transparencia de consultas ao mercado | 5 | 2 | 5 | 2 |
| A.1.2. | METODOLOXÍA DE TRABALLO (10) | 10 | 5 | 8,5 | 3,5 |
| | Plan de traballo. Aspectos xerais | 2 | 2 | 2 | 0 |
| | Plan de traballo baseado en innovación aberta | 2 | 2 | 0,5 | 0,5 |
| | Entregables | 2 | 1 | 2 | 1 |
| | Acordos de nivel de servizo | 2 | 0 | 2 | 1,5 |
| | Recursos | 1 | 0 | 1 | 0 |
| | Factores críticos de éxito | 1 | 0 | 1 | 0,5 |
| A.1.3. | SEGUIMIENTO E CONTROL DO PROXECTO (5) | 5 | 2,5 | 5 | 2 |
| | Métodos e técnicas para seguimento e control do proxecto | 3 | 2 | 3 | 1 |
| | Ferramentas para seguimento e control do proxecto | 2 | 0,5 | 2 | 1 |
| A.2 | EQUIPO DE TRABALLO (10) | 10 | 8 | 5,5 | 8,5 |
| A.2.1 | DIRECCIÓN DO PROXECTO (5) | 5 | 5 | 1,5 | 5 |
| | Experiencia en proxectos de CPI | 3 | 3 | 1 | 3 |
| | Experiencia en proxectos con financiamento europeo | 2 | 2 | 0,5 | 2 |
| A.2.2. | MEMBROS DO EQUIPO DE TRABALLO (5) | 5 | 3 | 4 | 3,5 |
| | Equipo principal. Número | 1 | 0 | 0 | 1 |
| | Equipo principal. Perfil | 2 | 2 | 2 | 2 |
| | Equipo de apoio (panel de expertos, asesores, etc.) | 2 | 1 | 2 | 0,5 |
| TOTAL | | 45 | 26,5 | 39 | 22 |

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Jesús Rodríguez Castro
Xefe de servizo de Informática

(asinado electronicamente)